

## Unidade 03. Recita poesía

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_ Data: \_\_\_\_\_

### Comprensión lectora

#### Vilanova dos Infantes

Preto da cidade de Ourense

Camiño de Celanova,

Onde é máis tépeda o vento

Que á terra galega azouta,

Dun círculo de montañas

Na **faldra**, sempre verdosa,

Exténdese un val florido,

Cuberto de herbas cheirosas,

Piñeirales e arboredos

Ricos de frutas e sombra.

Alí, pola primavera,

Despois de saír da escola,

Van os rapaces buscar

Freixós para comer e apóutigas;

E as nenas máis delicadas,

E non como alas golosas,

Topan alí os caraveles

Con que os cabelos adornan

E fan con espriego e néveda,

Ramiños que logo esfolan.

Deste val no medio e medio

Quedándose ó mesmo tempo

Sin o santo e a **esmola**.

A carón deste castelo,

Agarimadiñas todas,

Ou polas veigas ceibadas

Como **bandadas** de pombas,

As reteladas troneiras

Abertas ó sol que as doura,

Encóntranse as brancas casas

da vila de Vilanova.

Vilanova dos Infantes

É vila de grande sona:

Non hai zapateiros no mundo

Que batan mellor a sola;

Non se cocen en ningures

Petadas que eiquí non cozan,

E deiquí saen prós teares

As millores **mazarocas**.

Aquí está a gracia dos homes

E a flor e a nata das mozas;

Entre as hedras e musgos en voltas,  
Ergue as torres un castelo,  
Feito alá en eras remotas  
De pedra de sillería,  
Cáseque co tempo roxa.  
Como este antigo edificio  
Outro non hai, según contas,  
Pois disque foi levantado  
Por unha princesa moura  
Dendes da posta do sol  
Astra a saída da **aurora**;  
E aída hai vellos que aseguran,  
E poida que certo fora,  
Que debaixo dos cementos  
Deixou a moura princesa  
Para que quen se atreva, morra,  
Sobre unha trabe en equilibrio  
Dúas cántaras que asombran:  
Unha de alquitrán enchida  
E outra de moedas e xoias.  
De sorte que quen quixere  
Colle-la que ouro atesoura,  
Creba unha cántara e morre  
Feito carbón baixo a outra,

En fin, sólo aquí naceron  
Sólo aquí, Martiño e Rosa.

Manuel CURROS ENRÍQUEZ

*Virxe do Cristal*



## Unidade 03. Recita poesía

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_ Data: \_\_\_\_\_

### Comprensión lectora

#### 1. Busca o significado das palabras destacadas na lectura.

---

---

---

---

---

---

---

---

#### 2. Escolle a resposta correcta segundo o poema.

- Preto da cidade de Ourense...
  - esténdese un río.
  - esténdese unha lagoa.
  - esténdese un val florido.
  
- Os rapaces van buscar...
  - pexegos e cereixas.
  - flores e plantas.
  - freixós e apóutigas
  
- O castelo foi levantado....
  - por un príncipe.
  - por un nobre.
  - por unha princesa moura.
  
- Abertas ó sol que as doura....
  - está unha praza.
  - encóntrase unha fonte.
  - encóntranse as brancas casas de Vilanova.

### Unidade 03. Recita poesía

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_ Data: \_\_\_\_\_

## Comprensión lectora

3. Explica coas túas palabras que significa a expresión: «*A flor e a nata das mozas*».

---

---

---

---

---

---

---

---

4. Emprega as seguintes palabras para facer a descrición do castelo.

**Antigo Derruído Abandonado Enmeigado**

**Maxestoso Grande**

---

---

---

---

---

---

---

---

## Unidade 03. Recita poesía

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_ Data: \_\_\_\_\_

### Literatura

5. Le con atención o poema seguinte e contesta.

#### **Animais falangueiros**

Se puider, eu falaría,  
confórmome só cun día,  
con todo o mundo animal.  
Que! Non estaría mal!

Un falar de sete estralos  
disque teñen os cabalos.  
Fala sempre sen ambaxes,  
así que cantan os galos,  
o grupo dos máis salvaxes.

E as xenerosas galiñas,  
co seu lento acocorar,  
Quereranse confesar

E o elefante, que langrán!,

dando delongas alonga  
cara arriba a súa trompa.  
Sentirase un burricán  
por berrar e non falar?

Mesmo na casa, o michiño  
sempre cala coma un peto.  
Cando o miras un chisquiño,  
rosma e lisca moi discreto.  
Poñendo o rabo en espeto  
Poida que diga «Aburiño!».

ou propornos adiviñas?

G. Rodari  
Tambre

- Cantas estrofas ten o poema «Animais falangueiros»?

\_\_\_\_\_

- Teñen todas as estrofas o mesmo número de versos?

\_\_\_\_\_

- Cantos versos ten o poema?

\_\_\_\_\_

Inventa ti unha nova estrofa para o poema.

\_\_\_\_\_